INFORMACIÓN XERAL CURSO
MONITORA DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE

DESCRICIÓN XERAL

Esta acción formativa pertence ao Programa **"Mulleres Tecendo Redes"** subvencionado pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia. É un curso oficial, cuxo título está expedido pola Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia, de 350 horas de duración, distribuídas en dúas fases:

- **Primeira fase (fase teórico-práctica)**, de 200 horas de duración, que se distribuirán en 115 horas presenciais e as outras 85 en modalidade de teleformación[1]. A formación presencial impartirase do **19 ao 28 de xuño e do 10 ao 14 de xullo**, en horario de Luns a Venres, de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00, e disporá dun **servizo gratuito de ludoteca** para aquelas mulleres que teñan **fillas e fillos menores ao seu cargo**, durante todo o tempo que dure a formación presencial co obxecto de conciliar a súa vida familiar.
- **Segunda fase (fase de prácticas)** de 150 horas de duración. Elixirase entre calquera das actividades de lecer educativo do Concello de Coirós ou da Escola de Tempo Libre TEMPUS: campamentos con pernoita, campamentos de conciliación (sen pernoita) urbanos ou na Natureza, intercambios xuvenís, campos de voluntariado, actividades con colexios, extraescolares, dinamización comunitaria, animacións ou calquera outra actividade de lecer educativo dentro do abanico de actividades e colectivos (infancia, adolescentes, mocidade, persoas con discapacidade intelectual, …) do Concello de Coirós ou da ETL Tempus. Hai dous anos para finalizar esta fase práctica unha vez superada a primeira fase e pode realizarse por horas ou ben en quendas intensivas (campamentos con pernoita ou actividades similares).

Este curso capacita para traballar en calquera campamento, ludoteca, actividades extraescolares, dinamización comunitaria, asociacións, ou calquera actividade de lecer educativo promovida por entidades tanto públicas como privadas en calquera parte do territorio nacional.

Os módulos do curso enfócanse directamente cara aos contidos prácticos, tanto os que pola súa propia natureza teñen este carácter (animación, animación deportiva, dramatización, artesanía, aire libre, primeiros auxilios,...) como outros que requiren algo máis de contido teórico, que se impartirán case na súa totalidade en modalidade de teleformación.

Como dato salientable, engadimos un módulo de **"Coeducación e educación para a igualdade"** dentro do temario, xa que consideramos de gran importancia dispoñer desta formación para traballar no eido do lecer educativo, así como unha pequena pero moi directa acción formativa de **"Busca de emprego"** habida conta de que está dirixida a mulleres desempregadas.

[1] Acolléndonos á Instrución de data 1 de xuño de 2020 da Dirección Xeral de Xuventude, dirixida ás escolas de educación no tempo libre para os efectos de aplicar aos novos cursos que se convoquen a posibilidade de compatibilizar a formación presencial coa formación online.

PERFIL DAS ALUMNAS

Este Curso está dirixido a mulleres desempregadas menores de 30 anos e maiores de 45, veciñas do Concello de Coirós (con prioridade por ser organismo colaborador), Irixoa, Oza-Cesuras, Paderne, Bergondo e Betanzos.

FALTAS PERMITIDAS

Segundo o Decreto 50/2000 da Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia, que é o que regula esta titulación, o número de horas máximo que está permitido faltar, é de 23. É dicir, o 20% das horas presenciais.

DOCUMENTACIÓN

A documentación que hai que presentar xunto coa ficha de inscripción cuberta é: unha fotografía tamaño carné, un currículo, a fotocopia do DNI, a fotocopia do título de Graduado Escolar ou Graduado en ESO, ou ben, calquera outro superior, copia da tarxeta de demandante de emprego e certificado de empadronamento.

RESERVA DE PRAZA

Para realizar a reserva da praza, debes rexistrar na Sede Electrónica do Concello de Coirós ou no Rexistro Xeral do Concello a Ficha de Inscrición, xunto coa documentación indicada no apartado anterior. Responderémosche por correo electrónico coa confirmación da praza.

PREZO

Esta acción formativa é **GRATUITA** por estar subvencionada pola Secretaría Xeral de Igualdade, polo que as alumnas non terán que pagar ningún importe polo material escolar, o material de actividades, o seguro e a saída de fin de semana para o módulo de aire libre (incluído o aloxamento e a manutención desa fin de semana). Tamén vai incluída a supervisión das prácticas e a xestión dos trámites para a emisión do título pola Xunta, aínda que segundo a normativa que entrou en vigor a principios de 2012, no momento de solicitar o título, teredes que aboarlle á Dirección Xeral de Xuventude o importe das taxas para a expedición do título, que actualmente son dun importe algo menor de 12,00 € euros (ao ser unha titulación oficial).

Se precisas calquera outra información, non dubides en contactar con nós a través do teléfono: 981 79 60 88, do Whatsapp 628 801 576, ou a través do correo electrónico omix@coiros.es .

Moitas grazas polo teu interese.